

Concello de Covelo

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS POLOS QUE SE REXE A ADXUDICACIÓN DA LICENZA DE TAXI DE VEHÍCULO ADAPTADO NO CONCELLO DE COVELO (EXPTE. 123/2026).

PRIMEIRA. Obxecto.

O obxecto da presente convocatoria é a adxudicación en réxime de concorrencia dunha licenza de taxi de vehículo adaptado para o municipio de Covelo, de conformidade coa Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, o Decreto 103/2018, de 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, a Lei 16/1987, de 30 de xullo, de Ordenación dos Transportes Terrestres, o Regulamento da Lei de Ordenación dos Transportes Terrestres aprobado polo Real Decreto 1211/1990 de 28 de setembro, e o Regulamento Nacional dos Servizos Urbanos de Transporte en Automóviles Lixeiros aprobado por Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, e demais normativa aplicable.

O obxecto do concurso identifícase co código CPV: 60120000 (Servizos de taxi).

SEGUNDA. Procedemento de selección e adxudicación.

A forma de adxudicación da licenza de taxi será o procedemento aberto, no que todo interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación, de acordo co artigo 156 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

TERCEIRA.- Perfil do contratante.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público a información relativa á actividade contractual do Concello de Covelo pode consultarse polos interesados a través do perfil do contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

CUARTA.- Condicións de participación.

Serán requisitos para a obtención e outorgamento da licenza, de acordo co artigo 5 da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, os seguintes:

- a) Ter nacionalidade española ou dun Estado membro da Unión Europea ou doutro país estranxeiro no que, en virtude de acordos, tratados ou convenios internacionais subscritos por España, non sexa esixible o requisito da nacionalidade ou contar coas autorizacións ou permisos de traballo que, de conformidade co disposto na lexislación sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, resulten suficientes para a realización da actividade de transporte no seu propio nome.
- b) Ser maior de 18 anos.
- c) Estar en posesión do permiso de conducir de clase B ou superior vixente.
- d) Non ser titular doutra licenza de taxi en ningún termo municipal.



Concello de Covelo

- e) Acreditar a titularidade do vehículo de turismo en calquera réxime de utilización xuridicamente válido.
- f) Xustificar o cumprimento das obrigas de carácter fiscal, laboral e social establecidas pola lexislación vixente, así como non ter débedas co Concello de Covelo.
- g) Acreditar o cumprimento dos requirimentos técnicos do vehículo de turismo que utilicen para a realización do transporte que sexan esixibles pola normativa vixente.
- i) Ter cuberta a responsabilidade civil polos danos que puidesen ocasionarse na prestación do servizo, segundo o disposto na normativa vixente.

Toda persoa titular de licenza de taxi deberá prestar o servizo persoalmente, sen prexuízo da posibilidade de poder contratar persoas condutoras asalariadas para unha mellor explotación daquela, que deberán figurar a xornada completa e con dedicación exclusiva.

QUINTA.-Presentación das Proposicións e documentación.

5.1.- Condicións previas

As solicitudes dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo interesado do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen excepción ou reserva algunha.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha solicitude.

5.2. Lugar e presentación das ofertas.

Opción 1. Presentación Telemática

Os licitadores poderán preparar e presentar as súas ofertas de forma electrónica a través da ferramenta de preparación e presentación de ofertas da Plataforma de Contratación do Sector Público, dentro do prazo de 3 meses contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Perfil de contratante.

Opción 2. Presentación Manual

Para a licitación do presente contrato non se esixe a presentación exclusiva de ofertas utilizando medios electrónicos no caso de persoas físicas, debido a que aínda moitas non teñen os medios para poder facelo deste xeito, polo que a súa utilización excluíríalos do procedemento e produciríase unha discriminación negativa.

As ofertas poderase presentar no rexistro do Concello de Covelo, en horario de 9:00 a 14:00 horas, ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dentro do prazo de 3 meses contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Perfil de contratante.



Concello de Covelo

5.3. Contido das solicitudes.

As solicitudes para tomar parte no procedemento presentaranse en dous sobres, asinados polo licitador, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «Solicitud para licitar á concesión de licenza de taxi». A denominación dos sobres é a seguinte:

- Sobre «A»: Documentación administrativa.
- Sobre «B»: Documentación cuantificable de forma automática.

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada dos mesmos:

- **Sobre «A» Documentación administrativa:**

a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do licitador e, no seu caso, a representación.

— Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro, acreditarán a representación de calquera modo axeitado en Dereito.

— Se o licitador fora persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

b) Declaración responsable de non estar incurso nunha prohibición para contratar.

Esta declaración incluírá a manifestación de acharse ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias, incluídas as do Concello, e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

Presentarase conforme ao Anexo I.

- **Sobre «B» Documentación cuantificable de forma automática:**

Documentos relativos aos criterios de valoración, que se deban cuantificar de forma automática, que se deberá presentar conforme ao modelo do Anexo II, e ao que se acompañará da documentación acreditativa da oferta presentada, segundo o especificado na cláusula sétima.

No caso de realizarse a presentación presencialmente, xunto cos sobres (fóra deles) deberá presentarse o Anexo III.

SEXTA. Publicidade.

Terminado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase a lista no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que os interesados e as asociacións profesionais de empresarios e traballadores poidan alegar o que estimen oportuno en defensa dos seus dereitos no prazo de quince días (artigo 10 do Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo).



Concello de Covelo

SÉTIMA. Criterios de adxudicación.

Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta atenderase a varios criterios de adxudicación:

- Pola antigüidade de condutor ou condutora asalariada de taxi a xornada completa. Por cada ano 1 punto, ata un máximo de 5 puntos.
- Pola dedicación previa á profesión de taxista a xornada completa por conta propia. Por cada ano 1 punto, ata un máximo de 5 puntos.
- Compromiso de adscribir un vehículo á licenza solicitada que teña 7 prazas ou máis. 5 puntos.
- Que a dispoñibilidade horaria ofertada sexa a tempo completo. 10 puntos.
- Compromiso de instalar, a requirimento do Concello, un taxímetro con impresora e servizo de facturación en metálico e con tarxeta de crédito. 10 puntos.
- Que o vehículo adscrito á licenza teña o distintivo ECO ou “0 EMISIÓNNS”. 10 puntos.

Co obxecto de garantir a transparencia, obxectividade e equidade estableceranse os seguintes criterios de desempate:

Outorgarase prioridade ao solicitante que obteña unha maior puntuación no criterio de antigüidade como condutor/a asalariado/a. No caso de que persista o empate tras aplicar o criterio anterior, considerarase a puntuación obtida no apartado de antigüidade na dedicación á profesión de taxista (titular licenza de taxi). Se tras a aplicación destes criterios o empate persiste resolverase mediante sorteo público.

OITAVA. Mesa de contratación.

A Mesa de Contratación será o órgano competente para efectuar a valoración das ofertas e cualificar a documentación administrativa, e actuará conforme ao previsto no artigo 326 da LCSP e no Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, desenvolvendo as funcións que nestes se establecen.

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 7 da Disposición Adicional Segunda da LCSP, estará integrada por:

- Presidenta: María de Lourdes Enes Fernández, concelleira do Concello de Covelo.
- Vogais:
 - Pedro de la Puente Crespo, arquitecto municipal do Concello de Covelo.
 - Sonia Lorenzo Martínez, auxiliar administrativa do Concello de Covelo.
 - Jacobo Manuel Rayón Cedeira, secretario-interventor do Concello de Covelo.
- Secretaria: María del Mar Enes Fernández, auxiliar administrativa do Concello de Covelo, con voz pero sen voto conforme determina o artigo 21.6 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio.



Concello de Covelo

NOVENA. Apertura das proposicións.

A Mesa de Contratación constituirase tras a finalización do prazo de presentación das proposicións e transcorrido o prazo de publicidade previsto na cláusula sexta deste prego e procederá á apertura dos sobres «A» e cualificará a documentación administrativa contida nos mesmos.

Se fose necesario, a Mesa concederá un prazo de 3 días hábiles (artículo 81.2 Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se paraba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas) para que o licitador corrixa os defectos ou omisións emendables observados na documentación presentada.

No caso de non detectar defectos ou omisións na documentación administrativa, procederase deseguido á apertura e exame dos sobres «B», que conteñen a documentación avaliable de forma automática.

Tras isto, a Mesa de Contratación elevará ao órgano de contratación a proposta de adxudicación da licenza de taxi.

DÉCIMA. Requirimento de documentación.

O órgano de adxudicación requirirá ao licitador que obteña a puntuación máis alta para que no prazo de 10 días hábiles, contados dende o seguinte en que houbera recibido o requirimento, presente a seguinte documentación:

- a) Documentación acreditativa do cumprimento das condicións de participación indicadas na cláusula cuarta: Achegarase copia do DNI.
- b) Permiso de conducir de clase B ou superior (art. 4.2 do Real Decreto 818/2009, do 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de condutores): Achegarase a copia de dito permiso.
- c) Acreditación da titularidade e disposición efectiva do vehículo, xunto coa documentación acreditativa de que reúne as condicións e características previstas no artigo 25 da lei 4/2013, do 30 de maio, e artigos 28 e 29 do Decreto 108/2018, do 13 de setembro, en particular o vehículo non poderá ter unha antigüidade superior a dous anos, contados dende a súa primeira matriculación, no momento de adscribirse aos títulos habilitantes: Achegarase a copia de acreditación de dita titularidade e declaración de ter plena disposición real e efectiva sobre dito vehículo.
- d) Póliza acreditativa da vixencia do seguro obrigatorio do vehículo e xustificante de pago da prima do período de seguro en curso: Achegarase a copia de dita póliza e xustificante de pago.
- e) Documentación acreditativa de estar ao corrente coas obrigas fiscais, laborais e sociais: Achegaranse os certificados da AEAT, ATRIGA, TGSS e do ORAL.
- f) Documentación acreditativa dos requirimentos técnicos do vehículo de turismo que utilicen para a realización do transporte que sexan esixibles pola normativa vixente. Deberá achegar o permiso de circulación do vehículo adscrito á licenza co que se vai prestar o servizo e a tarxeta de inspección técnica do vehículo.



Concello de Covelo

- g) Ter cuberta a responsabilidade civil polos danos que puidesen ocasionarse na prestación do servizo, segundo o disposto na normativa vixente.
- h) A declaración censual de alta correspondente ao Imposto sobre Actividades Económicas, así como copia da declaración censual de comezo da actividade aos efectos do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e do Imposto sobre o Valor Engadido.
- i) Declaración de alta no réxime especial de traballadores autónomos da Seguridade Social.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no citado prazo entenderase que o licitador retira a súa oferta e procederase a requirir a mesma documentación ao seguinte licitador, por orde de no que quedaran clasificadas as ofertas.

DÉCIMO PRIMEIRA. Adxudicación.

A prestación do servizo de taxi está suxeita á obtención previa dos correspondentes títulos administrativos que habiliten ao seu titular para exercer a actividade (licenza de taxi e autorización interurbana de taxi).

Existirá unha vinculación entre licenzas de taxi e autorización interurbanas de taxi, sendo preciso dispoñer de ambos títulos para a realización da actividade.

Con carácter previo a que se resolva a adxudicación da licenza de taxi, o Concello remitirá , unha vez comprobada a concorrencia dos requisitos previos, a proposta de resolución á Dirección Xeral da Xunta de Galicia competente en materia de transportes xunto coa documentación da persoa seleccionada, a fin de que no prazo máximo de tres meses emita informe de modo vinculante sobre o cumprimento dos requisitos para poder ser titular da autorización interurbana de taxi. Unha vez emitido o citado informe, o Concello, de modo congruente co disposto no mesmo, resolverá o concurso, adxudicando a correspondente licenza de taxi que inscribirá no Rexistro de Títulos Habilitantes (Orde do 30 de xaneiro de 2015, pola que se crea o Rexistro de Títulos Habilitantes para prestar servizos de taxi na Comunidade Autónoma de Galicia).

Deseguido a Xunta de Galicia outorgará de maneira automática a autorización interurbana de taxi.

A efectos de unificar o principio de vixencia dos dous títulos habilitantes, a licenza de taxi estará condicionada na súa eficacia á data de outorgamento da autorización interurbana de taxi.

DÉCIMO SEGUNDA. Dereitos e obrigas do titular da licenza.

No prazo máximo dun mes dende a notificación da autorización interurbana de taxi, o seu titular virá obrigado a dar inicio efectivo ao exercicio da actividade e co vehículo afecto á mesma conforme o artigo 3.2.f) do Decreto 103/2018, do 13 de setembro.

Os dereitos e obrigas do titular da licenza son os que nacen deste prego, que terá carácter contractual, e da licenza outorgada polo Concello, así como os derivados da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia e o Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.



Concello de Covelo

DÉCIMO TERCEIRA. CONFIDENCIALIDADE E TRATAMENTO DE DATOS.

A persoa adxudicataria deberá respectar a normativa vixente en materia de protección de datos.

A persoa adxudicataria (como encargada do tratamento de datos) en cumprimento dos principios de integridade e confidencialidade, debe tratar os datos persoais aos que teña acceso de forma que garante unha seguridade axeitada incluída a protección contra o tratamento non autorizado ou ilícito e contra a súa perda, destrución ou dano accidental, mediante a aplicación de medidas técnicas ou organizativas apropiadas de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento 2016/679 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.

Esta obriga é complementaria dos deberes de segredo profesional e subsistirá aínda que rematase o contrato co responsable do tratamento dos datos (Concello).

En cumprimento do disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento xeral de protección de datos, os licitadores quedan informados de que os datos de carácter persoais que, no seu caso, sexan recollidos a través da presentación da súa oferta e demais documentación necesaria para proceder á contratación serán tratados por este Concello coa finalidade de garantir o axeitado mantemento, cumprimento e control do desenvolvemento do contrato.

DÉCIMO CUARTA. Recursos administrativos.

A presente licenza de taxi e licitación ten carácter administrativo, e ambas partes quedan sometidas expresamente á lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia e ao Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da lei 4/2013, de 30 de maio. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público, así como as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

As cuestión litixiosas xurdidas sobre interpretación, resolución e efectos desta licenza, así como do procedemento de licitación, serán resoltos polo órgano de adxudicación, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa. Contra os mesmos pode interporse recurso potestativo de reposición, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que o ditou, ou recurso contencioso –administrativo, conforme ao disposto na Lei Reguladora de dita xurisdición, ante o Xulgado do Contencioso –Administrativo correspondente no prazo de dous meses contados a partir da notificación do acordo.

Documento asinado dixitalmente ao marxe.

O alcalde

Juan Pablo Castillo Amigo



Concello de Covelo

ANEXO I: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D^a _____ con NIF núm. _____, teléfono _____, en _____, en nome propio ou en representación de _____, NIF núm. _____, aos efectos de participar na licitación da concesión de licenza de taxi para vehículo adaptado, baixo a miña responsabilidade

DECLARO:

Primeiro.- Que se dispón a participar no procedemento de concesión de licenza de táxi para vehículo adaptado, aceptando os pregos polos que se rexe o procedemento, e coñecendo as obrigas que deles se derivan.

Segundo.- Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos para ser adxudicatario, en concreto:

- Que non está incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e atópase ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Non ser titular doutra licenza de taxi, neste ou noutro concello (artigo 9 da Lei 4/2013, do 30 de maio).
- Que se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, de ser o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador. [Só no caso de empresas estranxeiras].
- Que a dirección de correo electrónico habilitada en que efectuar notificacións é: _____.

Terceiro.- Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, no caso de que sexa proposto como adxudicatario da licenza ou en calquera momento en que sexa requirido para iso.

En _____, a _____ de _____ de 20 _____.

Sinatura do declarante,

Asdo.: _____



Concello de Covelo

ANEXO II: DOCUMENTACIÓN CUANTIFICABLE DE FORMA AUTOMÁTICA

D./D^a _____ con NIF núm. _____, teléfono
_____, _____ en
_____, en nome propio ou en
representación de _____, NIF núm. _____,
aos efectos da participación na convocatoria pública para a adxudicación dunha licenza de taxi para
vehículo adaptado FAI CONSTAR:

1. Antigüidade como condutor ou condutora asalariada de taxi a xornada completa (Por cada ano 1 punto, ata un máximo de 5 puntos): _____ anos* (Deberá adxuntar a documentación xustificativa).

2. Dedicación previa á profesión de taxista a xornada completa por conta propia (Por cada ano 1 punto, ata un máximo de 5 puntos): _____ anos* (Deberá adxuntar a documentación xustificativa).

3. Compromiso de adscribir un vehículo á licenza solicitada que teña 7 prazas ou máis (5 puntos) (marcar cunha X a opción que proceda):

Si: (☐)
Non: (☐)

4. Que a dispoñibilidade horaria ofertada sexa a tempo completo (10 puntos) (marcar cunha X a opción que proceda):

Si: (☐)
Non: (☐)

5. Compromiso de instalar, a requirimento do Concello, un taxímetro con impresora e servizo de facturación en metálico e con tarxeta de crédito (10 puntos) (marcar cunha X a opción que proceda):

Si: (☐)
Non: (☐)

6. Que o vehículo adscrito á licenza teña o distintivo ECO ou “0 EMISIÓN” (10 puntos) (marcar cunha X a opción que proceda):

Si: (☐)
Non: (☐)

*Deberá reflectirse o importe en número e letra. En caso de que exista discrepancia entre as cantidades expresadas en letra e número, prevalecerán as cantidades expresadas en letra, agás que polo declarante se manifeste expresamente o contrario.



Concello de Covelo

En _____, a _____ de _____ de 20 _____

O declarante

Asdo.: _____.



Concello de Covelo

ANEXO III: SOLICITUDE PARA PRESENTACIÓN PRESENCIAL

D./D^a _____ con NIF núm. _____, teléfono
_____, enderezo _____ en
_____, en nome propio ou en
representación de _____, NIF núm. _____,
aos efectos de participar na licitación da concesión de licenza de taxi para vehículo adaptado,
presento mediante rexistro dous sobres pechados baixo a seguinte denominación:

- Sobre «A»: Documentación administrativa.
- Sobre «B»: Documentación cuantificable de forma automática.

En _____, a _____ de _____ de 20 _____

O declarante

Asdo.: _____.

